

02-04.12.09

urbanLAB#1

# urban LAB

# #1

Compostela como laboratorio urbano

# urbanLAB#1

Compostela como laboratorio urbano

## *PENSA GLOBALMENTE, ACTÚA LOCALMENTE*

UrbanLAB é un foro de debate aberto para a formación de profesionais e especialistas, así como de todas aquelas mentes inquietas que desexen coñecer en profundidade os mecanismos e procesos que definen o tecido urbano que habitan. O obxectivo primordial é, polo tanto, abordar dende unha perspectiva crítica os problemas máis acuciantes do desenvolvemento urbanístico contemporáneo, proponendo solucións eficaces e sostibles mediante investigacións colectivas que favorezan a participación activa da cidadanía. É precisamente o seu carácter práctico, a súa vocación de materializa-lo seu programa teórico, a razón de ser deste laboratorio experimental, que aplica conclusións extraídas de análises globais a situacións particulares, restablecendo a unidade de teoría e praxis mediante procesos flexibles e permeables.

Seguindo estas premisas, establécese un programa anual dividido en varios módulos. Cada un deles consta de tres xornadas nas que interveñen un total de seis poñentes, dous por día, que plantexan os seus respectivos discursos teóricos en relación cun tema común para, a continuación, fomenta-lo debate cos asistentes-participantes do UrbanLAB, coñecedores do escenario compostelán no que debe ser formulada a aplicación efectiva dos principios teóricos previamente esbozados. Este proceso, este exame interdisciplinar, interxeracional e intercultural, achega aos participantes á intrincada rede de factores sociais e materiais que condicionan a modificación do entramado urbano, ao tempo que contribúe a xerar novas vías de investigación e pautas para percibi-lo espazo como construción colectiva.

## *PIENSA GLOBALMENTE, ACTÚA LOCALMENTE*

UrbanLAB es un foro de debate abierto para la formación de profesionales y especialistas, así como de todas aquellas mentes inquietas que deseen conocer en profundidad los mecanismos y procesos que definen el tejido urbano que habitan. Su objetivo primordial es, por tanto, abordar desde una postura crítica los problemas más acuciantes del desarrollo urbanístico contemporáneo, proponiendo soluciones eficaces y sostenibles mediante investigaciones colectivas que favorezcan la participación activa de la ciudadanía. Es precisamente este carácter práctico, la vocación permanente de traducir en proyectos específicos necesidades urbanas tangibles, lo que define este laboratorio experimental, que busca herramientas adecuadas para la consecución esta indispensable tarea: aplicar conclusiones extraídas de análisis globales a coyunturas particulares, restablecer la unidad de teoría y praxis mediante procesos flexibles y permeables.

De acuerdo con estas premisas, se establece un programa anual dividido en varios módulos. Cada uno de ellos se compone de tres jornadas, en las cuales intervienen seis ponentes, dos por día, que plantean sus respectivos discursos teóricos en relación con un tema de encuadre común para, a continuación, fomentar el debate con los asistentes-participantes del UrbanLAB, conocedores del escenario compostelano en que debe ser formulada una aplicación efectiva de los principios teóricos previamente esbozados. Este proceso, este examen interdisciplinar, intergeneracional e intercultural, acerca a los participantes a la intrincada red de factores sociales y materiales que condicionan la modificación del entramado urbano, al tiempo que contribuye a generar nuevas vías de investigación y pautas para percibir el espacio como construcción colectiva.

A CIDADE E OS SÍMBOLOS.  
A URBE COMO PLATAFORMA DE ACCIÓN

LA CIUDAD Y LOS SÍMBOLOS.  
LA URBE COMO PLATAFORMA DE ACCIÓN

**10:30** Presentación  
Mercedes Rosón/Concha Fontenla  
**11:00** Óliver Laxe  
**17:00** Chiu Longina  
**19:30** Debate

02.12

A pesares da crecente tecnificación experimentada nas sociedades contemporáneas e da implantación de novas estrutura socioeconómicas e políticas, cómpre entenderlo escenario urbano como consecuencia dunha suma de tradicións. Son moitos os factores que inciden na forma de percibir e modificar o espazo habitado, isto é, a realidade coñecida, ata o punto de cuestionar a posibilidade de erixir unha fronteira entre o supostamente real e o efectivamente ficcional. Diversos creadores aproveitan a superabundancia de símbolos que definen a cidade contemporánea, apropiándose deles para reinterpretalos e re-combinalos de diferentes modos, nun contexto no que agroman múltiples lecturas, dando lugar, incluso, a obras abertas que activan a circulación de contidos culturais.

A pesar de la creciente tecnificación experimentada en las sociedades contemporáneas y de la implantación de nuevas estructuras socioeconómicas y políticas, es necesario comprender el escenario urbano como consecuencia de una suma de tradiciones. Son muchos los factores que inciden en la forma de percibir y modificar el espacio habitado, esto es, la realidad conocida, hasta el punto de cuestionar la posibilidad de erigir una frontera entre lo supuestamente real y lo efectivamente ficcional. Diversos creadores aprovechan la sobreabundancia de símbolos que define la ciudad contemporánea, apropiándose de ellos para reinterpretarlos y recombinarlos de diferentes modos, en un contexto que permite múltiples lecturas, dando lugar, incluso, a obras abiertas que activan la circulación de contenidos culturales.

## SUSTENTABILIDADE CREATIVA

### SOSTENIBILIDAD CREATIVA

No voluble escenario da contemporaneidade, caracterizado por un consumo voraz de produto de toda índole, calquera modificación operada no seo das cidades debe atender a unha serie de principios básicos en relación co equilibrio medio ambiental. Non se trata unicamente de favorecer a viabilidade material dos proxectos, senón tamén, e fundamentalmente, a súa pertinencia a nivel social e o seu respecto polo patrimonio material e inmaterial preexistente. Non chega con estudar-las necesidades concretas das diferentes poboacións, senón que é preciso implicarlas activamente na definición e xestión dos seus propios recursos, promovendo a optimización do seu emprego e a súa re-utilización por distintas vías. Só dende a procura do equilibrio é posible afrontar os múltiples retos do futuro inmediato da nosa sociedade.

11:00 Ecosistema Urbano  
17:00 Basurama  
19:30 Debate

03.12

En el voluble escenario de la contemporaneidad, caracterizado por un consumo voraz de contenidos de toda índole, cualquier modificación operada en el seno de las ciudades debe atender a una serie de principios básicos en relación con el equilibrio medioambiental. No se trata sólo de favorecer la viabilidad material de los proyectos, sino también, y fundamentalmente, su pertinencia a nivel social y su respeto por el patrimonio material e inmaterial preexistente. No basta con estudiar las necesidades concretas de las diferentes poblaciones, sino que es preciso implicarlas activamente en la definición y gestión de sus propios recursos, promoviendo la optimización de su empleo y su reutilización por distintas vías. Sólo desde la búsqueda del equilibrio se pueden afrontar los múltiples retos del futuro inmediato de nuestra sociedad.

## IDENTIDADE CULTURAL E GLOBALIZACIÓN

### IDENTIDAD CULTURAL Y GLOBALIZACIÓN

As tecnoloxías da información e os progresivos procesos de *glocalización* das urbes contemporáneas transformaron de maneira radical a súa morfoloxía e contidos. Neste contexto, definido pola proliferación de ferramentas de comunicación e transporte cada vez máis potentes, fávorecese irrevogablemente a homoxenización/estandarización da epiderme urbana. Non obstante, esta saturación de medios e contidos pode e debe contribuír á posta en valor do patrimonio e a identidade locais, así como a construción de paisaxes urbanos realmente plurais.

**11:00** Concha Fontenla/Onedys Calvo

**17:00** Francesc Muñoz

**19:30** Debate

Las tecnologías de la información y los progresivos procesos de *glocalización* de las urbes contemporáneas han transformado de manera radical su morfología y contenidos. En este contexto, caracterizado por la proliferación de herramientas de comunicación y transporte cada vez más potentes, se favorece irrevocablemente la homogeneización/estandarización de la epidermis urbana. Paralelamente, sin embargo, esta saturación de medios y contenidos puede y debe contribuir a la puesta en valor del patrimonio y la identidad locales, así como a la construcción de paisajes urbanos realmente plurales.

# Óliver Laxe

Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade Pompeu Fabra de Barcelona. Vive na cidade marroquí de Tánxer, onde traballa facendo cine con nenos en estado de exclusión social, en colaboración coa Cinémathèque de Tanger. De esta experiencia partiu a súa primeira longametraxe, “Todos vós sodes capitáns”. Actualmente prepara a continuación doutro traballo, “Paris #1”, que realizará en Galicia, en colaboración con Factoría Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela.

Licenciado en Comunicación Audiovisual por la Universidad Pompeu Fabra de Barcelona. Vive en la ciudad marroquí de Tánger, donde trabaja haciendo cine con niños en estado de exclusión social, en colaboración con la Cinémathèque de Tanger. De esta experiencia ha partido su primer largometraje “Todos vosotros sois capitanes”. Actualmente prepara la continuación de otro trabajo, “Paris #1”, que realizará en Galicia, en colaboración con Factoría Compostela y la Universidad de Santiago de Compostela.

# Chiu Longina

Antropólogo e musicólogo. Artista sonoro e creador de espazos acústicos. Co-fundador e membro dos colectivos [Escoitar.org](http://Escoitar.org), [SINSALaudio](http://SINSALaudio), a Comunidade de Artistas Dixitais Alg-a, o portal de arte sonoro [Artesonoro.org](http://Artesonoro.org) e a axencia de noticias libre [Mediateletipos.net](http://Mediateletipos.net). Membro do Centro de Creación Experimental de Cuenca e do grupo de investigación DX7 Tracker da Universidade de Vigo. Editor e comisario independente, prepara neste momento unha publicación sobre tecnoloxías sonoras de control social e armas acústicas (tema da súa tese doutoral).

Antropólogo y musicólogo. Artista sonoro y creador de espacios acústicos. Co-fundador y miembro de los colectivos [Escoitar.org](http://Escoitar.org), [SINSALaudio](http://SINSALaudio), la Comunidad de Artistas Digitales Alg-a, el portal de arte sonoro [Artesonoro.org](http://Artesonoro.org) y la agencia de noticias libre [Mediateletipos.net](http://Mediateletipos.net). Miembro del Centro de Creación Experimental de Cuenca y del grupo de investigación DX7 Tracker de la Universidad de Vigo. Editor y comisario independiente, prepara en este momento una publicación sobre tecnologías sonoras de control social y armas acústicas (el tema de su tesis doctoral).

## Michael Moradiellos (Ecosistema Urbano)

Licenciado en Arquitectura polo Instituto Superior de Arquitectura Víctor Horta (Bruxelas). Nos últimos anos levou a cabo múltiples intervencións urbanas en diferentes cidades europeas, destacando instalacións audiovisuais e proxectos arquitectónicos de diversa índole en Bruxelas e Madrid, lugar onde desenvolve a súa actividade con Ecosistema Urbano, un estudio de arquitectura que centra a súa actividade na investigación e no deseño de novos proxectos arquitectónicos que entendan o desenvolvemento sostible coma fonte de innovación e entusiasmo.

Licenciado en Arquitectura por el Instituto Superior de Arquitectura Víctor Horta (Bruselas). En los últimos años ha llevado a cabo múltiples intervenciones urbanas en diferentes ciudades europeas, destacando instalaciones audiovisuales y proyectos arquitectónicos de diversa índole en Bruselas y Madrid, lugar donde desarrolla su actividad con Ecosistema Urbano, un estudio de arquitectura que centra su actividad en la investigación y el diseño de nuevos proyectos arquitectónicos que entiendan el desarrollo sostenible como fuente de innovación y entusiasmo.

## Miguel Rodríguez (Basurama)

Arquitecto e integrante de Basurama, colectivo formado na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid que se adica á investigación e á xestión cultural dende 2001, centrando a súa área de estudo e actuación nos procesos produtivos, na xeración de residuos que estes implican e nas posibilidades creativas que suscita esta conxuntura contemporánea dende unha perspectiva pluridisciplinar.

Arquitecto e integrante de Basurama, colectivo nacido en la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid que se dedica a la investigación y a la gestión cultural desde 2001, centrando su área de estudio y actuación en los procesos productivos, la generación de desechos que éstos implican y las posibilidades creativas que suscita esta coyuntura contemporánea desde una perspectiva pluridisciplinar.

# Onedys Calvo

Licenciada en Historia da Arte. Traballa en Xestión Cultural na Oficina do Historiador da Cidade da Habana. Paralelamente, publica diferentes revistas sobre arte contemporáneo cubano e comisaría diversos proxectos. Coordina dende hai oito anos diferentes eventos no centro histórico, destacando entre eles “Rutas y andares”, un programa que busca sensibilizar aos cidadáns cos valores patrimoniais do casco histórico.

Licenciada en Historia del Arte. Trabaja en Gestión Cultural en la Oficina del Historiador de la Ciudad de la Habana, publicando paralelamente diferentes revistas sobre arte cubano contemporáneo y comisariando diversos proyectos. Coordina desde hace ocho años diferentes eventos en el centro histórico, destacando entre ellos “Rutas y andares”, un programa que busca sensibilizar a los ciudadanos con los valores patrimoniales del casco histórico.

# Concha Fontenla

Doutora en Historia da Arte. Impartiu docencia na Universidade de Santiago de Compostela. Foi Asesora Técnica da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e, dende hai máis de quince anos, da Oficina do Historiador da Cidade da Habana (Cuba). Nos últimos anos centrou a súa actividade en conciliar a súa experiencia na restauración arquitectónica coa arte contemporánea, promovendo e dirixindo proxectos coma a Galería de arte C5 colección, o espazo de experimentación e creación contemporánea A Chocolataría e, na actualidade, Factoría Compostela e Factoría Habana.

Doctora en Historia del Arte. Impartió docencia en la Universidad de Santiago de Compostela. Ha sido Asesora Técnica de la Dirección Xeral de Patrimonio de la Xunta de Galicia y, desde hace más de quince años, de la Oficina del Historiador de la Ciudad de la Habana (Cuba). En los últimos años ha centrado su actividad en conciliar su experiencia en la restauración arquitectónica con el arte contemporáneo, promoviendo y dirigiendo proyectos como la Galería de arte C5 colección, el espacio de experimentación y creación contemporánea A Chocolataría y, en la actualidad, Factoría Compostela y Factoría Habana.

# Francesc Muñoz

Profesor de Xeografía Urbana e Director do Observatorio da Urbanización na Universidade Autónoma de Barcelona. Imparte docencia nos programas “Metropolis: The Experience of Cities in Art and Architecture” (Universidade Politécnica de Cataluña) e “Management of the European metropolitan Region” (Universidade Erasmus de Rotterdam). Colabora con diferentes institucións en relación coa planificación e o análise da realidade urbana, obxecto da meiranda parte das súas numerosas publicacións.

Profesor de Geografía Urbana y Director del Observatorio de Urbanización en la Universidad Autónoma de Barcelona. Imparte docencia en los programas “Metropolis: The Experience of Cities in Art and Architecture” (Universidad Politécnica de Cataluña) y “Management of the European metropolitan Region” (Universidad Erasmus de Rotterdam). Colabora con diferentes instituciones en relación con la planificación y el análisis de la realidad urbana, objeto de gran parte de sus numerosas publicaciones.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Concellaría de Urbanismo,  
Vivenda e Educación

**factoria**  
COMPOSTELA

Patrocina: Concellaría de Urbanismo, Vivenda  
e Educación do Concello de Santiago

Organiza: Factoría Compostela

Dirixe: Concha Fontenla

Coordina: Adrián Hiebra

Secretaría: Rosa Díaz  
[rosa@factoriacompostela.com](mailto:rosa@factoriacompostela.com)

Dep. legal: C 3936-2009

Rúa da Conga nº 9  
15704 Santiago de Compostela  
Tel. / Fax: [+34] 981 557 853  
[info@factoriacompostela.com](mailto:info@factoriacompostela.com)  
[www.factoriacompostela.com](http://www.factoriacompostela.com)

**urbanLAB#1**